



/: Costureira nona quero,  
tecelana no ma dan-he; :/  
/: a filla do labrador-e  
sabe traballa-lo pan-he. :/

E ti que o tés  
e eu que cho vin  
por aquel buratiño  
que tes no mandil.  
que tes no mandil  
que tes no mandil.  
E ti que o tés  
e eu que cho vin

¡Que déixame subir  
ó cuarto da criada!  
¡E deixame subir,  
que non lle fagho nada!  
¡Morena! ¡Por ti!

Carmela berrou, con Chinto  
na corredoira d'abaixo  
porque lle quitou un toxo  
que levaba no refaixo

Que déixame subir...

¡Ai Carmiña, Carmen,  
Carmiña, Carmela;  
o zapato baixo  
e media de seda,  
e media de seda  
e media labrada;  
¡ai Carmiña, Carmen,  
miña namorada!



¡Currucucú!  
no ghaliñeiro  
cant'a ghaliña,  
coitadiña, bieiteiro.

(o día enteiro)

A ghaliña está doente  
e o ghalo vai traballar,  
o can acarreta a leña  
e o gható vai traballar

¡Currucucú!  
no ghaliñeiro  
cant'a ghaliña,  
coitadiña, bieiteiro.

(o día enteiro)

A ghaliña está doente  
e o ghalo fai o xantar,  
o can acarret'a leña  
e o gható vai traballar.